

**ANUNCIO DE LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN RELATIVA Á
EXPROPIACIÓN DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL DO PUNTO
QUILOMÉTRICO 1+541 AO 1+911 (RIANXO) 2023.1170.1.0 DP 7202**

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 28/04/2023 acordou a aprobación do PSPE/2023 - PLAN DE SENDAS PEONÍS, no que se inclúe a seguinte obra:

Codigo	Denominación	Orzamento (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) (0410/4535/60900)	Valor da expropiacion
2023.1170.0001.0	DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL DO PUNTO QUILOMÉTRICO 1+541 AO 1+911 (RIANXO) 2023.1170.1.0	169.614,22	1.653,00

O citado Plan no que se inclúe a obra anteriormente indicada, foi exposto ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 83 do 03/05/2023, non formulándose reclamacións referidas a esta obra.

En virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e 56 e seguintes do seu Regulamento, e en uso das facultades que lle confiren os artigos 4.1.d da Lei 7/1985, artigo 2 da Lei de Expropiación Forzosa e artigo 94 do Decreto Lexislativo 781/1986 e art. 22.5 da Lei 8/2013 do 28 de xullo, de Estradas de Galicia, convocase aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación que a continuación se indica para que comparezan nos lugares, datas e hora que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das Actas Previas para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de trasladarse ao lugar das fincas se se considera necesario.

Data: **27/11/2023**

Horario: **16:15**

Lugar: CASA DO CONCELLO

Concello: RIANXO

RELACIÓN DE TITULARES

FINCA	LETRA	TITULAR	M2	DESTINO
3		CONCELLO DE RIANXO,	47,00	HORTA
1		OTERO ROMERO, CARMEN	4,00	F.CASA
2		OTERO ROMERO, DOLORES	7,00	HORTA

Ao devandito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, Documento Nacional de Identidade, Tarxeta do Número de Identificación Fiscal e o último recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles, podendo facerse acompañar á súa costa, se o estiman oportuno, dos seus Peritos e Notarios.

Así mesmo e en cumprimento do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ábrese información pública durante un prazo de quince días naturais, contados a partir do seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia ou ata en momento do levantamento do Acta Previa á ocupación correspondente, a fin de que as persoas interesadas poidan formular por escrito, ante a Deputación Provincial (Servizo de Patrimonio e Contratación), Avda. Porto da Coruña nº 2, as alegacións que estimen pertinentes con obxecto de corrixir posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

O PRESIDENTE
Valentín González Formoso

A SECRETARIA
Amparo Taboada Gil